

Colegio Oficial de
Psicología de Galicia

MEMORIA 2012






MEMORIA DE ACTIVIDADES 2012



MEMORIA DE ACTIVIDADES 2012



Compañeiras e compañeiros,

Pechamos o 2012 e facémolo coa sensación do deber cumprido nun ano especialmente intenso. O contexto de crise económica e social agravouse nestes últimos meses, co que a defensa da profesión converteuse en máis necesaria aínda. Os sectores de poboación que afrontan o día a día con dificultades incrementáronse e desde o COPG loitamos polo mantemento dunha rede de profesionais que afronten estas necesidades, nun sistema de calidade, que sexa independente das fluctuacións económicas.

O COPG clausura o ano cun alto volume de traballo, a través do que se pretende prestar o mellor servizo á cidadanía e ás colexiadas e colexiados. Durante o 2012, rexistráronse un total de 216 altas na colexiación e houbo 110 baixas. A finais de decembro 2.440 profesionais integran o Colexio, no que a vocación participativa e democrática non tivo pausa.

As Seccións, as Comisións e os Grupos de Traballo desenvolveron unha actividade continua e proveitosa, organizando xornadas, seminarios e cursos de formación, nos que participaron un gran número de colexiadas e colexiados.

Un labor intenso que se reflectiu na Comisión de Ética e Deontoloxía, que ademais da apertura de expedientes, os cursos de formación e as numerosas consultas atendidas a través do seu servizo web, participou na Formación en Ética e Deontoloxía para o alumnado de 4º curso do Grao de Psicoloxía da USC.

Foi este un ano especialmente produtivo para o Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias. Ademais dun minucioso programa formativo, o Grupo foi activado en 20 ocasións e elaborou o Plan de Emerxencias do COPG. Neste eido, asinou se novamente o convenio coa Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Outro dos eixos fundamentais de traballo do COPG foi a loita contra a violencia machista. Mantívose a colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade, polo que os 70 profesionais que o integran puideron atender a máis de 400 mulleres e uns 200 menores.

Un forte pulo que tamén repercutiu no programa “Abramos o Círculo”, no que dos 64 homes atendidos pola súa vontade de querer rehabilitarse e non exercer malos tratos, 40 foron novos casos incorporados en 2012.

Nesta área, o COPG continuou co proxecto piloto de Intervención con Homes que Exercent Violencia de Xénero, en colaboración co Centro de

ÉTICA

Inserción Social Carmela Arias y Díaz de Rábago da Coruña, dependente da Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias do Ministerio do Interior. O proxecto desenvolveuse con senllos grupos, nas cidades da Coruña e Santiago, nas que participaron 25 homes penados por delitos relacionados coa violencia de xénero.

No ámbito da Mediación o COPG seguiu traballando coa Xunta de Galicia, o Ministerio Fiscal e os Colexios Oficiais de Avogados de Santiago e Ourense para dar continuidade aos Programas de Mediación Intraxudicial. Foron derivados a dous equipos destas dúas cidades case 140 casos, nos que no 64% chegaron a acordo.

Tamén se mantivo o labor coa Fundación Educación, Deporte y Salud (FEDYS), coa Fundación Meniños e coa Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica. Ademais, abríronse novos marcos de colaboración, coa Universidade de Vigo e coa Federación Galega de Dano Cerebral.

Non faltou tampouco o encontro anual Achegas da Psicoloxía, que reuniu en Baiona aos colexiados e colexiadas do COPG e no que se entregou o premio Dolores Llópiz a Gemma Nierga, directora de *La Ventana* da Cadena Ser, polo compromiso e sensibilidade amosado polo programa ao desestigmatizar a “tolos” e “presos” cedéndolle os micrófonos cada semana.

Conscientes, precisamente, de que os medios xogan un papel clave, o peso e presenza do COPG medrou durante este último ano. Incrementáronse exponencialmente as consultas e as peticións de entrevistas realizadas polos xornalistas requirindo a opinión e valoración do Colexio. Como xeradores de información, foron enviados aos medios 4 manifestos e unha trintena de notas, ademais de participar nas roldas de prensa para a presentación pública dos Programas de Atención Psicolóxica en Materia de Violencia de Xénero.

Ademais de participar de xeito activo nas actividades do Consejo General de la Psicología e nas xuntanzas da Unión Profesional de Galicia, a nivel internacional o COPG asistiu ao VIII Congreso Iberoamericano de Psicoloxía celebrado na cidade brasileira de Sao Paulo e ao 1º Congreso Nacional da Ordem dos Psicólogos Portugueses en Lisboa.

Clausuramos así un 2012 no que pelexamos por manter os recursos e continuar con eles medrando como profesionais. Un balance positivo que axuda a coller folgos para percorrer con máis forzas a senda aberta, entre todas e todos podemos.

ÍNDICE

1. Estado da colexiación	8
2. Órganos de xestión	9
Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas	9
Xunta de Goberno	10
3. Comisión de Ética e Deontoloxía	11
4. Valedor das Colexiadas e Colexiados	14
5. Seccións	15
Sección de Psicoloxía Clínica	15
Sección de Psicoloxía Educativa	18
Sección de Psicoloxía Xurídica	19
Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións	21
Sección de Psicoloxía da Intervención Social	24
6. Comisións	26
Intersectorial de Mediación	26
Intersectorial de Xénero	27
Psicoloxía do Deporte	28
Cultura	29
Acreditación para o Exercicio de Actividades Sanitarias	30
7. Grupos de Traballo	31
GIPCE	31
Grupo de Tráfico e Seguridade	35
8. Convenios de Colaboración	37
Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres	
Vítimas de Violencia de Xénero	37
Programa “Abramos o Círculo”	38
Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias	38
Programa de Mediación Intraxudicial	39
Proxecto piloto de intervención con homes	
que exercen violencia de xénero	40
Convenio coa Fundación Educación, Deporte y Salud (FEDYS)	41
Convenio coa Universidade de Santiago de Compostela	41
Convenio coa Universidade de Vigo	42
Convenio coa Fundación Meniños	42
Convenio coa Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE)....	42
9. Servizo de Intervención en Psicoloxía Forense	43
10. Beca Siota de Investigación en Psicoloxía	44
11. Eventos colexiais	45
12. Representación Colexial nos Consellos da Administración	46
13. En representación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia	47
14. Relacións e Colaboracións Institucionais	50
15. O COP de Galicia e o CG de COP	55
16. Publicacións	58
17. Medios de Comunicación	60
18. Servizos Colexiais	64
19. Balances Económicos	69

ESTADO DA COLEXIACIÓN

1. A 31 / 12 / 2012

Altas	216
Última promoción	82
Outras promocións	118
Reincorporacións	5
Traslados	9
Xubilación	2

Baixas	110
Voluntarias	90
Por falta de pagamento de cotas	15
Traslados	3
Xubilación	2

Colexiados e colexiadas inscritos nas Seccións Profesionais do COPG

Sección de Psicoloxía Clínica	259
Sección de Psicoloxía Educativa	85
Sección de Psicoloxía da Intervención Social	82
Sección de Psicoloxía Xurídica	123
Sección de Psicoloxía do Traballo e as Organizacións	79

Total de colexiados e colexiadas
a 31-12-2012

2.440

2. ÓRGANOS DE XESTIÓN

2.1. ASEMBLEA XERAL DE COLEXIADAS E COLEXIADOS

A Asemblea Xeral de Colexiadas e Colexiados é o órgano supremo de decisión do Colexio, e está constituída **por todos os** colexiados e colexiadas.

Celebráronse as seguintes sesións:

- 27 de marzo Sesión Ordinaria.
- 11 de decembro. Sesión Ordinaria.



Sesión ordinaria do 27 de marzo



Sesión ordinaria do 11 de decembro.

2.2. XUNTA DE GOBERNO

A Xunta de Goberno é o órgano executivo e de representación do Colexio.



Xunta de Goberno

REUNIÓN

- Celebráronse un total de 9 reunións da Xunta de Goberno para a dirección e xestión da actividade colexial.
- Celebráronse 2 reunións de seguimento cos presidentes/ presidentas e tesoureiros/ tesoureiras das Seccións Profesionais do COPG

COMPOSICIÓN DA XUNTA DE GOBERNO

M^a Rosa Álvarez Prada
Decana

Hipólito Puente Carracedo
Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación
Responsable da Páxina Web

Concepción Fernández Fernández
Secretaría

M^a Concepción Prado Álvarez
Vicesecretaría / Responsable de Emprego / Responsable da Biblioteca

Miguel Ángel Chouza Ponte
Tesoureiro / Responsable de Servizos

José Luís Domínguez Rey
Vogal / Responsable da Circular Informativa
Correspondente de Infocop

Ana M^a Fieira Nogareda,
Vogal / Vogalía do Social (Ata 11 de maio)

Marta Rivas Rodríguez,
Vogal / Vogalía do Social (A partir 11 de decembro)

Antonio González Fernández,
Vogal / Coordinador da Xunta de Goberno coa
Comisión de Ética e Deontoloxía

Ana Isabel Martínez Arranz,
Vogal / Coordinadora do Grupo de Intervención
Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)

Eva Muíño Gómez,
Vogal / Coordinadora Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade

José Manuel Oreiro Blanco,
Vogal / Responsable de Cadernos de Psicoloxía

Concepción Rodríguez Pérez,
Vogal / Vogalía de Dinámica Sociocultural

Víctor Manuel Torrado Oubiña,
Vogal / Vogalía de Formación

3.

COMISIÓN DE ÉTICA
E DEONTOLOXÍA

Comisión de Ética e Deontoloxía

A Comisión Ética e Deontoloxía está formada por un Presidente, unha Secretaria e tres vogais, coas atribucións propias dos seus cargos, e que son nomeados pola Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas do COPG a proposta da Xunta de Goberno.

Son fins desta Comisión, entre outros, promover comportamentos éticos no exercicio da profesión e desenvolver o Código Deontolóxico.

Para desenvolver tales funcións, a Comisión de Ética e Deontoloxía dispón de total independencia, facultades e competencias plenas no desenvolvemento das súas funcións.

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 2 de febreiro
- 8 de marzo
- 22 de marzo
- 24 de maio
- 12 de xullo
- 18 de setembro
- 21 de novembro

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN
DE ÉTICA E DEONTOLOXÍA

José Luis Rodríguez-Arias Palomo
Presidente

Ana M^a Díaz Vargas
Secretaria

M^a Jesús Calvo Camba

Rocío García Calvo

Concepción González Poza
Vogais

Antonio González Fernández
Coordinación coa Xunta de Goberno

ACTIVIDADES

a) Queixas:

Abríronse catorce expedientes durante 2012 e a súa situación é a que segue:

- 5 expediente son admitidos a trámite:
 - 4 están resoltos e 1 pendente de resolver.
- 7 expedientes non se admiten a trámite.
- 2 expedientes pendentes de valoración.

b) Servizo de consultas:

Existe na páxina web do COPG un servizo de consultas ao que poden dirixirse os colexiados e colexiadas para propoñer dúbidas sobre cuestións de ética e deontoloxía no exercicio da profesión. Preténdese ofrecer unha orientación que sirva para previr posteriores queixas por parte de usuarias e usuarios, ofrecendo unha valoración e fundamentación ética das diferentes alternativas posibles. Esta resposta non é vinculante para as colexiadas e colexiados que consultan, senón que se trata dunha opinión razoada na que fundamentar as súas propias decisións. Durante este ano respondéronse un total de 20 consultas.

c) Comisión Electoral:

A Comisión de Ética e Deontoloxía constitúise o 1 de xuño como Comisión Electoral no proceso electoral á Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG, conformada polo seguintes membros:

José Luis Rodríguez-Arias Palomo, Presidente

Ana M^a Díaz Vargas, Secretaria

Rocío García Calvo, Vogal

POLA

d) Colaboración na Circular Informativa do COPG:

Os temas tratados pola Comisión de Ética e Deontoloxía na Circular Informativa foron:

- Pola Ética.
- Interpretación do artigo 25 do Código Deontolóxico do Psicólogo.
- O consentimento informado.
- A Comisión de Ética e Deontoloxía nos Colexios de Psicólogos do Estado.
- A prestación de consentimento en menores.

e) Actividades de formación:

- Impartíuse o relatorio “Un liderado desde a ética” nas Xornadas da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG.
- Participación no Foro “PTO de Encontro + Café” no que se abordou o tema de “Intrusismo profesional e ética no ámbito dos Recursos Humanos”, organizado pola Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG.
- Impartíuse un relatorio na mesa redonda sobre “O exercicio profesional en Psicoloxía Sanitaria e Psicoloxía Clínica” nas XVII Xornadas da Sección de Psicoloxía Clínica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia”.
- Impartíuse o relatorio “O Informe Psicolóxico Pericial: Achegas e controversias” ao abeiro do “Seminario a Proba Pericial” organizado pola Unión Profesional de Galicia e celebrado en Santiago de Compostela o 7 de xuño.
- Formación en Ética e Deontoloxía para o alumnado de 4º de Grao de Psicoloxía da USC ao abeiro do convenio específico asinado polo COPG coa Facultade de Psicoloxía da USC.

f) Modificación do Regulamento do Procedemento Sancionador do COPG.**g) Asesoramento** ás Seccións, Comisións e Grupos de Traballo do COPG.

ÉTICA

4. VALEDOR DAS COLEXIADAS E COLEXIADOS



Valedor dos Colexiados e Colexiadas

A figura do Valedor das Colexiadas e dos Colexiados vén especificada nos Estatutos do Colexio de Psicoloxía de Galicia, concretamente no Capítulo XI, como un defensor dos dereitos e intereses de todos os colexiados e colexiadas perante os demais órganos colexiais exceptuando a Comisión de Ética e Deontoloxía.

Valedor das Colexiadas e Colexiados:
José Manuel Pazos Riveiro

Ao longo do presente ano non foi reclamada a actuación do Valedor en ningunha causa ou circunstancia das que prescribe o Regulamento que ordena as competencias desta instancia.

5. SECCIÓNS

Para o mellor cumprimento dos fins colexiais nos distintos ámbitos de intervención psicolóxica, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia dispón de 5 Seccións Profesionais que agrupan a todos aqueles colexiados e colexiadas que conforman un ámbito disciplinario de especialidade profesional cunha identidade definida e recoñecida.

5.1. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA CLÍNICA



Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Clínica

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

Xavier Sardiña Agra
Presidente

Delia Guitián Rodríguez
Vicepresidenta

Rosa Cerqueiro Landín
Secretaria

Manuel Castro Bouzas
Tesoureiro

Carlos Álvarez García
Ignacio Dopico González
Mercedes Fernández Cabana
Javier González Hermida
Áurea Losada Quinteiros
Vogais

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 17 de xaneiro
- 6 de marzo
- 12 de abril
- 5 de xuño
- 4 setembro
- 9 de outubro
- 6 de novembro
- 24 de novembro
(Asemblea de Socias e Socios)
- 11 de decembro

ACTIVIDADES

a) Formación:

- Curso *Marco de intervención con nenos e nenas e as súas familias*

Datas: 16 e 17 de marzo.

Lugar: Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo (HULA).

Docentes: **Mariano Carrero Moure**. Psicólogo clínico.

USM de Burela (Lugo).

José Luis Rodríguez-Arias Palomo. Psicólogo clínico. Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (CHUAC).

■ Simposio *Aplicacións clínicas da terapia EMDR*

Data: 2 de maio.

Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC.

Docentes:

J. Antonio Barbado Alonso. Psiquiatra. Supervisor EMDR. Ourense.

Anabel González Vázquez. Psiquiatra. Supervisora EMDR. Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (CHUAC).

Natalia Seijo Ameneiros. Psicóloga. Supervisora EMDR. Ferrol.

María Jesús Taboada Costas. Psicóloga. Supervisora EMDR. A Coruña.

Marta Laredo Cordoní. Psicóloga. Clínico EMDR. A Coruña

Dolores Mosquera Barral. Psicóloga. Supervisora EMDR. A Coruña.

Mercedes Fernández Valencia. Psiquiatra. Clínico EMDR. Ourense.

Mª Paloma Cabaleiro Fernández. Psicóloga. Clínico EMDR. Ourense.

Paula Baldomir Gago. Psicóloga formada en EMDR. A Coruña.

Coordinador: **Víctor Manuel Torrado Oubiña.**

■ Curso *Terapia familiar con adolescentes. Como crear alianzas terapéuticas con clientas e clientes obrigados, reticentes, ausentes ou en conflito?*

Datas: 22 e 23 de xuño.

Lugar: Salón de Actos do Hospital Marítimo de Oza (A Coruña).

Docente: **Valentín Escudero Carranza.** Psicólogo. Profesor titular do Departamento de Psicoloxía da Universidade da Coruña.

■ Curso *Violencia filio-parental*

Datas: 19 e 20 de outubro

Lugar: Centro da Obra Social de Novacaixagalicia de Vigo

Docente: **Manuel Santiago Lopo Lago.** Psicólogo clínico. Gabinete de Psicoloxía KARMA de Vigo.

■ Curso *Formación en psicología sanitaria (1ª edición)*

Datas: Do 5 de outubro de 2012 ata o 5 de xuño de 2013.

Lugar: Salón de Actos do COPG.

Docentes: **José Eduardo Rodríguez Otero** (coordinador), **Daniel Latorre Rodríguez**, **Raquel Espantoso San José**, **Isabel Figueroa Matallín**, **Mercedes Fernández Cabana**, **Ignacio Dopico González** e **Marta Bouzas Lameiro**.

■ Curso *Formación en psicología sanitaria (2ª edición)*

Datas: Do 20 de decembro de 2012 ata o 13 de xuño de 2013.

Lugar: Salón de Actos do COPG.

Docentes: **José Eduardo Rodríguez Otero** (coordinador), **Daniel Latorre Rodríguez**, **Raquel Espantoso San José**, **Isabel Figueroa Matallín**, **Mercedes Fernández Cabana**, **Ignacio Dopico González** e **Marta Bouzas Lameiro**.

b) Xornadas da Sección:

■ XVII Xornadas da Sección de Psicoloxía Clínica “A Práctica Clínica”

Datas: 23 e 24 de novembro.

Lugar: Auditorio Municipal de Cangas do Morrazo (Pontevedra).



Curso Marco de intervención con nenos e nenas e as súas familias



Formación en psicología sanitaria (1ª edición)



Á dereita: Curso Violencia filio-parental



Simposio *Aplicacións clínicas da terapia EMDR*



XVII Xornadas da Sección de Psicología Clínica

Á dereita: Anuario de Psicología Clínica número 6. Edición en formato dixital.



Curso *Terapia familiar con adolescentes*



Curso *Formación en psicología sanitaria* (2ª edición)

Comité Organizador:

Delia Guitián Rodríguez, Presidenta
Rosa Cerqueiro Landín, Vogal
Ignacio Dopico González, Vogal
Mercedes Fernández Cabana, Vogal
José Javier González Hermida, Vogal

Comité Científico:

Francisco Javier Sardiña Agra, Presidente
Luis Carlos Álvarez García, Vogal
Áurea Losada Quinteiros, Vogal
Manuel Castro Bouzas, Vogal

c) Anuario de Psicología Clínica:

Consello de Redacción composto por:

Gonzalo Martínez Sande
Director

Rosa Cerqueiro Landín
Marisol Filgueira Bouza
Delia Guitián Rodríguez
Manuel Santiago Lopo Lago
José Antonio Muñiz Torrado
Rosa Rey Pousada
José Luis Rodríguez-Arias Palomo



d) Grupos de Traballo:

- Grupo de Traballo dos titores dos psicólogos internos residentes (PIR):
Composición: Santiago Lago Canzobre (Coordinador)/ Mercedes Castro Bal/ Miguel Anxo García Álvarez/ M^a del Carmen Martínez Sánchez/ Gonzalo Martínez Sande / Julia Amalia Rodríguez Suárez.
- Grupo de Traballo de Investigación en Psicoterapias:
Composición: Marisol Filgueira Bouza (Coordinadora)/ José Eduardo Rodríguez Otero (metodoloxía)/ Fe Lacruz Pardo (psicanálise)/ Rosa Rey Pousada (psicodrama)/ M^a Jesús Álvarez Sos (cognitivo-conductual)/ José Luis Rodríguez-Arias Palomo (sistémica).
- Grupo de Traballo de Neuropsicología:
Composición: José Javier González Hermida (Coordinador)/ Irene Martínez Montero/ Rocío García Calvo/ Xavier Sardiña Agra.

e) Asistencia ás reunións da Mesa Galega da Psicología Clínica.

f) Participación na Comisión de Avaliación de expedientes para a acreditación para o exercicio de actividades sanitarias do COPG.

g) Participación nas Comisións Intersectoriais do COPG de Mediación e Xénero.

5.2. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA



Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Educativa

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

Olegaria Mosqueda Bueno

Presidenta

Manuela del Palacio García

Vicepresidenta

M^a Asunción Teijeira Bautista

Secretaria

M^a Belén Álvarez Sande

Tesoureira

M^a Carmen Lorenzo Vila

Ana Ulloa Lage

Alejandro Luis Vaghetti Jou

Vogais

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 12 de xaneiro
- 29 de febreiro
- 3 de maio
- 8 de novembro
- 14 de decembro
(Asemblea de Socios e Socias)

ACTIVIDADES

a) Formación:

- Conferencia *Presente e futuro do psicólogo e da psicóloga educativos*
 Datat: 14 de decembro.
 Lugar: Salón de Actos do COPG.
 Relatora: **Olegaria Mosqueda Bueno**. Psicóloga. Presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG.

b) Desenvolvemento dun **observatorio de prensa** referido á Psicoloxía Educativa.

c) Participación nas **Comisións Intersectoriais** do COPG de Mediación e Xénero.



Conferencia *Presente e futuro do psicólogo e da psicóloga educativos*

5.3. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA XURÍDICA



Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Xurídica ata o 10 de setembro



Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Xurídica a partir do 10 de setembro

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

Ata o 10 de setembro

Carmen Morell Muñoz
Presidenta

Ana Suárez Martínez
Vicepresidenta

Rubén Villar Trencó
Secretario

Ana Izquierdo Galante
Tesoureira

Clara Isabel Fernández Rodicio
M^a Isabel Rodríguez Prego
Julita M^a Touriño Araújo
Juan Carlos Forneiro Casas
José Antonio Varela Alonso
Vogais

A partir do 10 de setembro

Dolores Seijo Martínez
Presidenta

Alba M^a Sousa Martínez
Vicepresidenta

Ánxela Álvarez Naya
Secretaria

Manuel Vilarriño Vázquez
Tesoureiro

Concepción Abad Alastruey
Milagros Martínez García
María Penado Abilleira
Antonio Saco Labandeira
M^a José Jiménez Rey
Vogais

ACTIVIDADES

a) Formación:

- Conferencia *Cuestións legais sobre demencias. Incapacitación e tutela*
Data: 23 de marzo.
Lugar: Salón de Actos do COPG.
Relatora: **M^a Jesús Loredo Conde**. Avogada. Colaboradora coa Asociación Galega para a Axuda dos Enfermos de Alzheimer (AGADEA).

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 11 de febreiro
- 23 de marzo
(Asemblea de Socios e Socias)
- 14 de abril
- 26 de maio (Asemblea de Socios e Socias extraordinaria)
- 24 de xullo
- 1 de setembro (Asemblea de Socios e Socias extraordinaria)
- 15 de outubro
- 12 de decembro



Conferencia *Cuestións legais sobre demencias. Incapacitación e tutela*



Conferencia *Aspectos legais e disciplinarios no ámbito dos colexios profesionais*

- Conferencia *Aspectos legais e disciplinarios no ámbito dos colexios profesionais*

Data: 26 de maio.

Lugar: Salón de Actos do COPG.

Relator: **Arturo J. Mosquera Diéguez**. Avogado.

Colexio de Avogados de Ourense.

- Curso *Actualización teórico-práctica sobre informes periciais de familia*

Data: 9 e 10 de novembro.

Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC.

Docente: **Marta Ramírez González**. Psicóloga. Xulgados de Familia de Madrid.

b) Xornadas da Sección:

- Xornadas *Dereito de Familia: Análise psico-xurídico sobre a garda e custodia dos fillos e fillas*

Datas: 15 e 16 de xuño.

Lugar: Salón de Actos do COPG.

Coordinadora: Clara Isabel Fernández Rodicio.

c) Grupo de traballo para a elaboración dunha Guía de Boas Prácticas (ata o 1 outubro)

Julita M^a Touriño Araújo (Coordinadora),

Ana Luisa Udías Vázquez e **Carmen Morell Muñoz**.

d) Participación na **Comisión de Periciais do COPG**.

e) Participación nas **Comisión Intersectoriais do COPG** de Mediación e Xénero.



Curso *Actualización teórico-práctica sobre informes periciais de familia*



Xornadas *Dereito de Familia: Análise psico-xurídico sobre a garda e custodia dos fillos e fillas*

5.4. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS



Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

José Luis Domínguez Rey
Coordinador

José Manuel Campal Fernández
Mónica Couso Fuentes
Concepción López Martín
Eva Muíño Gómez
Carlos Montes Piñeiro
M^a Concepción Prado Álvarez
Vogais

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 26 de xuño
- 27 de novembro

ACTIVIDADES

a) Formación:

- Curso *Mediación e xestión de conflitos: Pautas para o desenvolvemento dun proceso mediador eficaz*
Datas: 14 e 28 de xaneiro e 11 e 25 de febreiro.
Lugar: Salón de Actos do COPG.
Docentes: **Carlos Montes Piñeiro**. Psicólogo. Profesor da Universidade de Santiago de Compostela.
Dámaso Rodríguez Fernández. Psicólogo. Profesor titular da Universidade de Santiago de Compostela.
Gonzalo Serrano Martínez. Psicólogo. Catedrático da Universidade de Santiago de Compostela.
Coordinador: **Carlos Montes Piñeiro**.
- Debate *PTO de Encontro + Café: Intrusismo profesional e ética no ámbito dos Recursos Humanos*
Datas: 10 de marzo.
Lugar: Salón de Actos do COPG.
Relatores: **Manuel Porto Nartallo**. Psicólogo. Eurofirms ETT.
José Manuel Pazos Riveiro. Psicólogo. Valedor dos Colexiados e Colexiadas do COPG.
Ana M^a Díaz Vargas. Psicóloga. Secretaria da Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG.
Rocío García Calvo. Psicóloga. Vogal da Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG.
Coordinador e moderador: **José Luis Domínguez Rey**.



Curso *Mediación e xestión de conflitos: Pautas para o desenvolvemento dun proceso mediador eficaz*



De arriba a abaixo:

Foro *As TIC e a súa aplicación no ámbito dos recursos humanos*

I Encontro territorial de representantes de PTORH dos Colexios Oficiais de Psicólogos

Foro *Confianza, persoas e liderado nas organizacións*

■ Foro *As TIC e a súa aplicación no ámbito dos recursos humanos*

Datas: 8 de setembro.

Lugar: Salón de Actos do COPG.

Conferencia: *Nova norma ISO 10667: Avaliación das persoas en contextos laborais*

Relator: **José Muñiz Fernández**. Psicólogo. Catedrático da Universidade de Oviedo.

Relatorio: *Selección baixo demanda*

Relator: **Roberto Rodríguez González**. R Cable y Comunicaciones.

■ Encontro profesional *I Encontro territorial de representantes de PTORH dos Colexios Oficiais de Psicólogos*

Datas: 8 de setembro.

Lugar: Salón de Actos do COPG.

Asistentes: Representantes PTO dos COP do Estado.

Presentación e debate: *Certificado de especialista Europsy en PTO*.

Relator: **Francisco Medina Díaz**. Coordinador do comité nacional de acreditación do Consejo General de COP.

b) Xornadas da Sección:

■ Foro *Confianza, persoas e liderado nas organizacións*

Data: 14 de abril.

Lugar: Salón de Actos do COPG.

Relatorio: *Un liderado desde a ética*

Relator: **José Luis Rodríguez-Arias Palomo**. Psicólogo. Presidente da Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG.

Relatorio: *As métricas do liderado*

Relator: **Julio Iglesias Rodríguez**. Responsable do Centro de Formación de PSA PEUGEOT - CITROËN.

Coordinador: **José Luis Domínguez Rey**.

c) Sesións informativas: *Psicoloxía de Traballo*.

Consolidando Novos Roles

Destinadas a estudantes de 5º curso da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

Lugar: Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

Coordinador: **José Luis Domínguez Rey**.

■ *Mundo laboral e desenvolvemento do capital humano*

Data: 16 de outubro.

Relatora: **Olaya Ricoy Moure**. Tecnocom Telecomunicaciones y Energía.

■ *Riscos psicosociais e promoción de saúde nas organizacións*

Data: 30 de outubro.

Relator: **Carlos Montes Piñeiro**. Grupo de Traballo en Saúde e Benestar Ocupacional da Sección de PTO do COPG.



Sesión informativa *Mundo laboral e desenvolvemento do capital humano*

Á dereita: Sesión informativa *Riscos psicosociais e promoción de saúde nas organizacións*



- “Os mecanismos do practicum e visibilidade do contexto laboral”

Data: 13 de novembro.

Relator: **José Luis Domínguez Rey**. Coordinador da Sección de PTO do COPG.

c) Grupos de Taballo:

- Grupo de Traballo en Saúde e Benestar Ocupacional:
Carlos Montes Piñeiro (Coordinador), **José Manuel Campal Fernández**, **Eduardo Estévez Diéguez**, **M^a del Carmen Patiño García**, **M^a Fabiola Pinín Paleo** e **José Romay Martínez**.

d) Presentación do relatorio

- *Ferramentas organizacionais de detección do acoso laboral*
ao abeiro das *Xornadas sobre acoso laboral* celebradas o 27 e 28 de marzo, organizadas pola Escola Universitaria de Relacións Laborais da USC (Lugo).

- e) **Colaboración con AENOR**, formando parte do “Grupo AEN/GET22. Avaliación de persoas en contextos laborais”, en virtude do convenio subscrito entre o Consejo General de COP e a Asociación Española de Normalización y Certificación (AENOR).

f) Archivo de publicacións da Sección

“Capital Humano”
 “Training&Development Review”
 “Harvard Deusto Business Review”
 “Psicología del Trabajo y de las Organizaciones”
 “Sociología del Trabajo”
 “Dirección y Organización”

- g) Participación nas **Comisións Intersectoriais do COPG** de Mediación e Xénero.

5.5. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL



Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía da Intervención Social

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

M^a Jesús López Cernadas
Presidenta

David Facal Mayo
Vicepresidente

M^a José Fares Varela
Secretaria

M^a Leonor Galiana Caballero
Tesoureira

Elena Bastos Expósito
Cristina Fontaíña García
Isabel González-Abraldes Iglesias
Elena Seoane de la Fuente
Isabel Varela Castiñeiras
Vogais

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 28 de xaneiro
- 28 de abril
- 14 de xullo
- 29 de setembro
(Asemblea de Socios e Socias)
- 15 de decembro

ACTIVIDADES

a) Formación:

- Curso “Deseño de proxectos de intervención psicosocial”
Datas: 1 e 2 de xuño.
Lugar: Salón de Actos do COPG.
Docentes: **José Luis Santos-Ascarza Bacariza**. Psicólogo.
C-A Consultoría Social.
Miguel Vicente Mariño. Universidad de Valladolid.
Ignacio Vázquez Rodríguez. APEM.
David Facal Mayo. Psicólogo. Universidade de Santiago de Compostela.



Curso *Deseño de proxectos de intervención psicosocial*

- II Seminario Galego de Psicoloxía da Intervención Social *Previr a dependencia. Pautas para un envellecemento activo*
Data: 29 de setembro.
Lugar: Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche.
Relatores: **Rocío Fernández Ballesteros**. Catedrática emérita. Universidad Autónoma de Madrid.
Rosalía Fernández Gómez. Psicóloga. Centro Recordando.
Manuel Castro Bouzas. Psicólogo clínico. SERGAS.
- I Encontro de profesionais do benestar “E agora que?”
En colaboración co Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (COTSG) e o Colexio de Educadoras e Educadores de Galicia (CEESG).
Data: 1 de decembro.
Lugar: Hotel Congreso (Teo - A Coruña).
Relatores: **Isabel Grandal**. Experta en Servizos Sociais.
Gonzalo Saborido. Representante do COTSG.
Eva López Soto. Representante do CEESG.
Esther Monterroso Martínez. Representante do COPG.

b) Grupos de Traballo:

- Grupo de Traballo sobre Profesionais da Psicoloxía nos Servizos Sociais dos Concellos
M^a Elena Bastos Expósito, Cristina Fontaíña García, Rosana Viturro Dieste.
- c) Representación do COPG no **Espazo Dialoga**, conformado ademais de polo COPG, polo Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia e polo Colexio de Educadoras e Educadores de Galicia.
- f) Participación nas **Comisións Intersectoriais do COPG** de Xénero e Mediación.



II Seminario Galego de Psicoloxía da Intervención Social “Previr a dependencia. Pautas para un envellecemento activo



I Encontro de profesionais do benestar *E agora que?*



Reunión do Espazo Dialoga

6. COMISIÓNS

6.1. COMISIÓN INTERSECTORIAL DE MEDIACIÓN



Comisión Intersectorial de Mediación

A Comisión Intersectorial de Mediación está formada por un representante de cada unha das seccións nomeado por cada unha destas.

A Comisión ten como obxectivo xeral dar a coñecer e impulsar a aplicación da mediación tanto entre as colexiadas e colexiados coma nas institucións e na sociedade en xeral.

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN

Hipólito Puente Carracedo
Coordinador

Áurea Losada Quinteiros
Clínica

Ana M^a Ulloa Lage
Educativa

M^a Elena Bastos Expósito
Intervención Social

Carlos Montes Piñeiro
Psicoloxía do Traballo e das Organizacións

M^a Isabel Rodríguez Prego (ata o 10 de setembro)

M^a Dolores Seijo Martínez (a partir do 15 de outubro)
Xurídica

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 24 de xaneiro
- 22 de maio
- 23 de outubro

CONVIDADOS

Juan Manuel Daponte Codina
Psicólogo do Equipo de Mediación Intraxudicial de Santiago de Compostela

José Antonio Varela Alonso
Psicólogo do Equipo de Mediación Intraxudicial de Ourense

ACTIVIDADES

- a) Puntos en común das Seccións no ámbito da mediación.
- b) Revisión dos contidos propostos para incluír nun glosario de mediación.
- c) Resumo das actuacións e incidencias dos Equipos de Mediación Intraxudicial de Galicia.

6.2. COMISIÓN INTERSECTORIAL DE XÉNERO

Está composta por un representante de cada unha das seccións nomeado por cada unha destas xunto coa coordinadora da Comisión dos Centros de Información á Muller (CIM) e os coordinadores dos Programas de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero e “Abramos o Círculo”.



Comisión Intersectorial de Xénero

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN

Concha Rodríguez Pérez
Coordinadora

Rosa Cerqueiro Landín
Clínica

Alejandro Luis Vaghetti Jou
Educativa

M^a José Fares Varela
Intervención Social

Concepción López Martín
Psicoloxía do Traballo e das Organizacións

Carmen Morell Muñoz (ata o 10 de setembro)
M^a Alba Sousa González (a partir do 15 de outubro)
Xurídica

Margarita de la Calle Bermejo
Comisión CIM.

Joaquín Prieto Flores
Programa Abramos o Círculo

Rocío Trastoy García
Programa de Atención Psicolóxica
a Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 7 de febreiro
- 1 de marzo



II Velada literaria *Vozes contra a Violencia*

ACTIVIDADES

a) II Velada literaria *Vozes contra a Violencia*

Data: 29 de novembro.

Lugar: Sala Ultramarinos de Santiago de Compostela.

Relatoras:

Iolanda Aldrey. Poeta.

Rosa Henríquez. Poeta.

José Manuel Barbosa. Poeta.

Ro Palomera. Poeta.

Concha Rousía. Poeta

- b) Participación cun relatorio na mesa redonda “Intervención psicolóxica con vítimas de violencia de xénero” nas V Xornadas sobre a violencia de xénero, celebradas o 7 e 8 de xuño en Ares (A Coruña) e organizadas polo citado concello.
- c) Participación nunha actividade de formación sobre xénero para estudantes da Facultade de Psicoloxía da USC celebrada os días 19 e 22 de outubro e 25 de novembro.
- d) Conferencia “Violencia contra as mulleres: A invisible lacra”, impartida o 27 de novembro no Carballiño (Ourense) e organizada polo Centro de Información á Muller do citado concello.
- e) Elaboración dun artigo de opinión sobre o aborto ao fío da conmemoración do Día da Muller Traballadora.
- f) Elaboración do manifesto con motivo do Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres.

6.3. COMISIÓN DE PSICOLOXÍA DO DEPORTE



Comisión de Psicoloxía do Deporte

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN

M^a Dolores González Fernández

Coordinadora

Eva García Quinteiro

Secretaria

Graciela Lois Río

Julio Prol Bao

Mario Salvador Fernández (ata o 21 de novembro)

Iria Salvador Pérez

Delfina Vicente Santiago

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

■ 18 de xuño

ACTIVIDADES

- a) Participación no funcionamento da División de Psicoloxía da Actividade Física e o Deporte do Consejo General de COP.

6.4. COMISIÓN DE CULTURA

V Concurso Literario do COPG

“Rosa de Cen Follas” de poesía e narrativa

Xurado:

M^a Rosa Álvarez Prada

Decana

Concepción Rodríguez Pérez

Coordinadora da Comisión de Cultura e Escritora

Joel Gómez

Xornalista

Iolanda Rodríguez Aldrey

Escritora

O Concurso Literario foi convocado no mes de abril e ao mesmo presentáronse un total de 15 obras. O fallo do xurado fíxose público o 19 de xuño, que acordou por unanimidade outorgar o premio na modalidade de poesía a *A raíz dos manglares* de Alba Cid Fernández e na modalidade de narrativa a *Recunchos incólumes* de Rocío Leira Castro. A entrega dos premios ás gañadoras tivo lugar o 11 decembro no Salón de Actos do COPG.



Entrega dos premios do V Concurso Literario do COPG
“Rosa de Cen Follas”

6.5. COMISIÓN DE ACREDITACIÓN PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES SANITARIAS

Comisión creada pola Xunta de Goberno para atender a necesidade de valorar o curriculum formativo consonte o regulado na disposición adicional sétima da Lei 33/2011, de 4 de outubro, de Saúde Pública pola que se mantén o procedemento transitorio previsto no número 2 da disposición adicional sexta da Lei 5/2011, de 29 de marzo, de Economía Social en relación ao exercicio de actividades sanitarias realizadas por titulados e tituladas universitarias de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía.

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 17 de xaneiro
- 15 de febreiro
- 6 de marzo
- 10 de abril
- 15 de maio
- 22 de maio
- 26 de xuño
- 19 de xullo
- 11 de setembro
- 30 de outubro
- 4 de decembro

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN

Concepción Fernández Fernández

Secretaría do COPG

Víctor Manuel Torrado Oubiña

Vogal da Xunta de Goberno

Xavier Sardiña Agra

Presidente da Sección de Psicoloxía Clínica

Rosa Cerqueiro Landín

Secretaría da Sección de Psicoloxía Clínica

ACTIVIDADES

A Comisión de acreditación para o exercicio de actividades sanitarias resolveu en 2012 un total de 407 solicitudes de expedición da acreditación para o exercicio de actividades sanitarias, das cales 380 resultaron positivas por cumprirse os requisitos establecidos pola regulación actual.

7.

GRUPOS
DE TRABAJO7.1. GIPCE. GRUPO DE INTERVENCIÓN
PSICOLÓGICA EN CATÁSTROFES
E EMERXENCIAS

Comisión Coordinadora do GIPCE

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN COORDINADORA

Ana Isabel Martínez Arranz
Coordinadora

Ana M^a Núñez Rubines
Secretaria

José Ramón García Gómez (a partir de abril)

M^a Elena González Cid

M^a Carmen González Hermo

Concepción López Martín

Fátima López Rodríguez

M^a Luz Losada Somoza

Aurora Rozadilla Arias

Isabel Vázquez Prado

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 30 de xaneiro
- 13 de febreiro
- 12 de marzo
- 23 de abril
- 21 de maio
- 25 de xuño
- 30 de xullo
- 27 de agosto
- 24 de setembro
- 22 de outubro
- 26 de novembro
- 17 de decembro



Seminario Práctico

A Coordinación nas Intervencións en 2011

ACTIVIDADES

a) Formación:

- Seminario Práctico *A Coordinación nas Intervencións en 2011*
Datas: 21 de xaneiro.
Lugar: Salón de Actos do COPG.
Relatoras: **Ana Isabel Martínez Arranz**, M^a del Carmen **González Hermo**, **Aurora Rozadilla Arias**, **Isabel Cabado Fidalgo**, M^a **Leonor Galiana Caballero**, **Olegaria Mosqueda Bueno**, **Concepción López Martín** e M^a **Elena González Cid**. Membros do GIPCE.
- Curso *Comunicación de malas noticias*
Data: 13 e 14 de abril.
Lugar: Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.
Docente: **Begoña Odriozola Farré**. Psicóloga clínica. Servizo de Atención Psicolóxica en Emerxencias (SAPE) do COP Catalunya.
- Curso *Intervención psicolóxica en emerxencias e catástrofes*
Data: 24 e 25 de abril.
Lugar: Academia Galega de Seguridade Pública.
Docentes: **Elena Puertas López**. Psicóloga. Dirección General de Protección Civil.
Isabel Vera Navascués. Psicóloga. Dirección General de Protección Civil.
- Curso *Intervención psicolóxica unha catástrofe sismica. Descripción da experiencia de Lorca (Murcia)*
Data: 1 e 2 de xuño.
Lugar: Academia Galega de Seguridade Pública.
Docentes: **Ángela Ruíz Argüello**. Psicóloga. Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Desastres e Emerxencias (GIPDE) do COP Región de Murcia.



Curso *Intervención psicolóxica unha catástrofe sismica. Descripción da experiencia de Lorca (Murcia)*



Curso *Intervención psicológica en emerxencias e catástrofes* (2ª edición)

Á dereita *Comunicación de malas noticias*

- Curso *Intervención psicológica en emerxencias e catástrofes* (2ª edición)
Data: 13 e 14 de novembro.
Lugar: Academia Galega de Seguridade Pública.
Docentes: **Elena Puertas López**. Psicóloga. Dirección General de Protección Civil.
Isabel Vera Navascués. Psicóloga. Dirección General de Protección Civil.
- Curso *Autocoidado para intervinientes*
Data: 30 de novembro e 1 de decembro
Lugar: Salón de Actos do COPG.
Docente: **Anabel González Vázquez**. Psiquiatra. Hospital de Oza (A Coruña).

b) Intervencións

- **Accidentes de tráfico:**
25 de marzo. Oroso (A Coruña)
19 de setembro. Pontevedra
18 e 19 de outubro. Arzúa (A Coruña)
- **Suicidio**
16 de febreiro. Viveiro (Lugo)
5 de xullo. A Cañiza (Pontevedra)
13 de xullo. Fene (A Coruña)
- **Asasinato**
28 de febreiro. Xermade (Lugo)
- **Falecemento**
1 de maio. O Saviñao (Lugo)
28 de setembro. Abegondo (A Coruña)
19 de outubro. A Estrada (Pontevedra)
22 de novembro. Ourense
28 de decembro. Vigo (Pontevedra)
- **Afogamento**
27 de xaneiro. A Coruña
18 e 24 de setembro. Muros (A Coruña)
- **Accidente Laboral**
21-22 de setembro. O Grove (Pontevedra)



Simulacro de secuestro aéreo.
Aeroporto de Santiago de Compostela.

Á dereita: Simulacro de accidente aéreo.
Aeroporto da Coruña.



c) Documentación

- Elaboración dun tríptico informativo sobre o GIPCE.
- Elaboración de dossiers monográficos sobre movementos sísmicos en España, sobre o afogamento no Orzán e sobre a erupción volcánica na illa de El Hierro.
- Elaboración do Plan de Emerxencias Interno do COPG.

d) Grupos de Traballo

- Grupo de gardas
Formado por 18 membros do GIPCE encargadas de realizar gardas telefónicas que permitiron dar cobertura as 24 horas do día dos 365 días do ano a todas as demandas do 112 de atención a emerxencias.
- Grupo de apoio a intervinientes (GAI)
Formado por 7 membros do GIPCE encargados de proporcionar o soporte psicolóxico necesario a aqueles membros do grupo que acaban de participar nunha intervención.
- Grupo de Traballo en simulacros
Formado por 9 membros do GIPCE co obxectivo de elaborar documentación que facilite a integración dos representantes do GIPCE nos simulacros convocados por outros grupos ou organismos.

e) Participación nos **simulacros aéreos**

- 19 de setembro. Simulacro de secuestro aéreo. Aeroporto de Santiago de Compostela. Asistencia de 5 membros do GIPCE.
- 9 de novembro. Simulacro de accidente aéreo. Aeroporto da Coruña. Asistencia de 3 membros do GIPCE.

7.2. GRUPO DE TRÁFICO E SEGURIDADE



Comisión Coordinadora
do Grupo de Tráfico e da Seguridade

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN COORDINADORA

Eva Muíño Gómez
Coordinadora

Eduardo Anoeta Rodríguez
Pilar Casal Devesa
Rosa M^a Domínguez Cameán
Carlos Gestal Gestal
María Mariño Barca
M^a Jesús Sánchez Peteiro
Juan Bonome Rodal

REUNIÓN DA COMISIÓN COORDINADORA

Celebráronse nas seguintes datas:

- 4 de febreiro
- 12 de abril
- 14 de xuño
- 27 de setembro
- 30 de outubro
- 15 de decembro

REUNIÓN DO GRUPO DE TRABAJO

Celebráronse nas seguintes datas:

- 21 de abril
- 17 de novembro

ACTIVIDADES

a) Formación do Grupo:

- *Compartindo experiencias prácticas: Proxecto Piloto de Intervención con Homes que Exercent Violencia de Xénero*
Data: 21 de abril.
Lugar: Salón de Actos do COPG.
Docente: **Olga de la Luz Borrajo Tato** e **M^a Ángeles Pazos Sieira**.
Psicólogas intervinientes do Programa.
- *A atención psicolóxica despois dos accidentes de tráfico*
Data: 17 de novembro.
Lugar: Salón de Actos do COPG.
Docente: **José Ramón García Gómez**. Psicólogo. Experto en atención psicolóxica a vítimas de tráfico e membro do GIPCE do COPG.



Sesión Formativa "A atención psicolóxica
despois dos accidentes de tráfico"



Sesión Formativa "Compartindo experiencias prácticas: Proxecto Piloto
de Intervención con Homes que Exercent Violencia de Xénero"

b) Participación nas seguintes actividades

- Realización de dúas sesións do Programa SEVIME (Seguridade Viaria con Menores) para menores imputados por delitos de tráfico, celebradas en Pontevedra e Vigo, organizadas polas Policía Local de Pontevedra e Vigo, respectivamente, en colaboración coa Fiscalía de Menores de Pontevedra.
- O 24 de maio o Grupo de Tráfico e Seguridade do Colexio Oficial de Psicología de Galicia foi galardoado cunha mención especial e placa conmemorativa pola Policía Local de Pontevedra, no día do seu patrón, en agradecemento pola colaboración no programa SEVIME (Seguridade viaria con menores penados).
- Presentación da experiencia *Tres anos de Xornadas de Concienciación*, no Curso “Factor humano e seguridade viaria, un enfoque multidisciplinar”, celebrado do 16 ao 20 de xullo en Melilla e organizado pola Universidad de Granada ao abeiro dos “XXI Cursos Internacionais Cidade de Melilla”.
- Impartición dun relatorio sobre seguridade viaria infantil ao abeiro do “I Congreso de Camiño Escolar en Galicia”, celebrado o 12 de decembro en Ourense e organizado polo Concello de Ourense.
- Participación no seguimento do traballo de investigación coa Unidade de Investigacións en Prevención e Tratamento de Problemas de Conduta (UDIPRE) da Facultade de Psicología da Universidade de Santiago de Compostela, dentro do convenio de colaboración específico entre o COPG e a Universidade de Santiago de Compostela.
- Elaboración do Manifesto en apoio do Día Internacional das Vítimas da Violencia Viaria.



Entrega de Galardón da Policía Local de Pontevedra

8.

CONVENIOS DE COLABORACIÓN

8.1. PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOLÓGICA A MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

Este programa sitúase dentro do marco do Convenio de Colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e o COPG para a atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, e complementariamente a menores e outras persoas dependentes delas que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero. Véñse renovando anualmente desde o ano 2004.

COORDINADORA:

Rocío Trastoy García

ACTIVIDADES**a) Formación:**

- *Xornada de formación para terapeutas do programa*

Data: 30 de xuño.

Lugar: Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

b) Actividades desenvolvidas pola Coordinadora:

- Participación no acto de presentación da Federación Movemento Grito en Silencio, celebrado o 28 de febreiro na Coruña, e no que presentou o traballo que está a desenvolver o Programa.
- Participación como relatora na Mesa Redonda “Ámbito Psico-Sanitario”, que tivo lugar ao abeiro das “Xornadas Técnicas para a Abordaxe Integral da Violencia de Xénero”, celebradas os días 19 e 20 de outubro en Cangas do Morrazo (Pontevedra) e organizadas polo Centro de Información á Muller do citado concello.
- Participación como relatora na Mesa Redonda “A Violencia de Xénero” que tivo lugar ao abeiro das “IV Xornadas de Psicanálise, Psicanálise da Violencia”, celebradas os días 16 e 17 de novembro en Santiago de Compostela e organizadas pola Asociación de Psicanálise Aplicada Gradiva.

c) Participación da coordinadora do programa na Comisión Intersectorial de Xénero do COPG.

d) Intervencións:

- O equipo de psicólogos e psicólogas que traballan ao abeiro do programa consta de 70 profesionais en toda a Comunidade.
- Ao longo do ano incorporáronse ao programa un total de 239 novos casos, ademais de manterse as incorporadas en anos anteriores que continuaban activas.
- En total foron atendidas 408 mulleres e 192 menores e persoas dependentes delas.

8.2. PROGRAMA “ABRAMOS O CÍRCULO”

Programa incluído no Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e o COPG para a atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar. Vénse renovando anualmente desde 2001.

COORDINADOR:

Joaquín Prieto Flores

ACTIVIDADES

a) Formación:

- Curso *Formación en valoración de risco de violencia de parella contra a muller*
Data: 16 e 17 de novembro.
Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC.
Docente: Antonio Andrés Pueyo. Catedrático da Universidad de Barcelona.

b) Participación do coordinador do programa na Comisión Intersectorial de Xénero do COPG.

c) Intervencións:

- O equipo de psicólogas e psicólogos que traballan ao abeiro do programa consta de 39 profesionais en toda Galicia.
- En total foron atendidos 64 homes, dos cales 40 tratábanse de novos casos e 24 eran casos incorporados en anos anteriores.

8.3. INTERVENCIÓN PSICOLÓGICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS

Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Psicología de Galicia en Materia de Protección Civil. Vense renovando anualmente desde 1997.

O obxecto deste convenio é achegar apoio á acción permanente dos órganos e autoridades competentes en protección civil para a prevención e atención ante as emerxencias.

O COPG vén sostendo un Grupo de Traballo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE), ver epígrafe 7.1 desta Memoria, organizado en forma de rede activable integrada por 43 psicólogas e psicólogos colexiados, con capacitación técnica e dotado da necesaria estrutura organizativa. O GIPCE ofrece un recurso necesario e preparado para a resposta de intervención psicolóxica en desastres de media e grande magnitude.

8.4. PROGRAMA DE MEDIACIÓN INTRAXUDICIAL

En 2012 renováronse os Convenios de Colaboración entre as Consellerías de Traballo e Benestar e Presidencia, Administracións Pública e Xustiza da Xunta de Galicia, o Ministerio Fiscal, o Colexio Oficial de Psicología de Galicia, o Colexio Oficial de Avogados de Santiago e o Colexio de Avogados de Ourense para dar continuidade aos Programas de Mediación Intraxudicial en Santiago de Compostela e Ourense.

A través dos convenios asinados pretende desenvolverse programas de mediación intraxudicial gratuíta en Santiago de Compostela e Ourense, mediante a constitución de equipos permanentes de mediación compostos por un psicólogo ou psicóloga e un avogado ou avogada que traballen en directa conexión cos fiscais dos xulgados e coa propia xudicatura.

Estes programas impulsan a mediación familiar como unha técnica de resolución de conflitos en procesos xudiciais de familia no que se trata de acadar un acordo entre as partes, considerando as necesidades de cada membro da familia e, especialmente, dos menores do núcleo familiar.

Equipo de mediación intraxudicial de Santiago de Compostela

Juan Manuel Daponte Codina

Titular

José Ramón García Gómez

Suplente

Ao equipo de Santiago de Compostela fóronlle derivados 64 casos. Do total dos casos derivados, aceptaron realizar mediación 35, dos cales 16 seguen en trámite para o ano 2013. Destes 19 casos que se resolveron en 2012, un 52,63 % acadaron un acordo. Os casos recibidos, pódese dicir que se distribúen en separacións/divorcios; modificación de medidas; garda, custodia e alimentos; execución de títulos xudiciais; medidas provisionais e réxime de visita de avós.

Equipo de mediación intraxudicial de Ourense

José Antonio Varela Alonso

Titular

M^a Galiza Aguite Dorrió

Suplente

Ao equipo de Ourense fóronlle derivados 74 casos. Do total dos casos derivados, aceptaron realizar mediación 27, dos cales 2 seguen en trámite para o ano 2013. Destes 25 casos que se resolveron en 2012, un 76 % acadaron un acordo. Os casos recibidos distribúense en separacións/divorcios; modificación de medidas; garda, custodia e alimentos; execución de títulos xudiciais; medidas provisionais e réxime de visita de avós.

8.5. PROXECTO PILOTO DE INTERVENCIÓN CON HOMES QUE EXERCEN VIOLENCIA DE XÉNERO

O Servizo de Xestión de Penas e Medidas Alternativas do Centro de Inserción Social *Carmela Arias y Díaz de Rábago* da Coruña, dependente da Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias do Ministerio do Interior, en colaboración co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, puxo en marcha en 2011 un “Proxecto Piloto de intervención con homes que exercen violencia de xénero”.

O Proxecto desenvolveuse con senllos grupos, que iniciaron a intervención en 2011, nas cidades da Coruña e Santiago de Compostela, con sesións semanais de dúas horas e no que participaron 25 homes penados por delitos relacionados coa violencia de xénero.

As psicólogas do Grupo de Intervención de Santiago de Compostela son:

Carmen Morell Muñoz

Olga de la Luz Borrajo Tato

M^a Ángeles Pazos Sieira

Os psicólogos/psicólogas do Grupo de Intervención da Coruña son:

Ana M^a Caaveiro García

Rubén Villar Trencó

8.6. CONVENIO COA FUNDACIÓN EDUCACIÓN, DEPORTE Y SALUD (FEDYS)

Convenio de colaboración asinado en 2008 entre o Colexio Oficial de Psicología de Galicia e a Fundación Educación, Deporte y Salud (FEDYS), que tal e como recolle o seu nome, ten tres eixes básicos de actuación: a educación, o deporte e a saúde.

Este convenio permite, entre outros aspectos, o desenvolvemento e a mellora da saúde na poboación xeral a través da práctica da actividade física e deportiva co obxectivo de diminuír algunhas das enfermidades máis frecuentes nas sociedades actuais como a hipertensión, a diabetes..., e un problema cada día máis en aumento como é a obesidade. Tamén permite a posibilidade de levar a cabo traballos de investigación relacionados coa área ou a organización de cursos, seminarios ou xornadas.

Finalmente, unha das colaboracións máis relevantes pola súa novidade é o asesoramento vocacional e psicolóxico aos deportistas que se achegan á Oficina de Atención ao Deportista, tanto as persoas que están en activo como as xa retiradas.

8.7. CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Convenio marco de colaboración asinado en 2008 entre o Colexio Oficial de Psicología de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela.

Ao abeiro deste convenio, a Universidade e o COPG executan de xeito conxunto proxectos e programas de investigación, desenvolvemento e transferencia de coñecemento, ademais de cooperar en programas e actividades de formación continuada de profesionais e de persoal investigador.

Encadrado neste convenio, o COPG ten asinado un convenio específico de colaboración entre o Grupo de Tráfico e Seguridade e a Facultade de Psicología da Universidade de Santiago de Compostela co fin de desenvolver un modelo de intervención psicolóxica dirixido a previr a reincidencia das persoas infractoras de tráfico.

O Colexio Oficial de Psicología de Galicia tamén asinou convenio específico coa Universidade de Santiago de Compostela para a organización e desenvolvemento en 2012 dun Curso sobre o Código Deontolóxico que deberá recibir o alumnado do Prácticum do Grao en Psicología, con carácter previo á súa incorporación aos centros nos que vaian a desenvolver as prácticas. O devandito curso será impartido pola Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG.

8.8. CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE VIGO

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia asinou no mes de setembro un convenio marco de colaboración coa Universidade de Vigo cuxo propósito é realizar conxuntamente actividades e proxectos en todo tipo de materias que resulten de interese para ambas institucións.

8.9. CONVENIO COA FUNDACIÓN MENIÑOS

Convenio marco de colaboración asinado en 2008 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e Meniños Fundación para a Infancia.

Este convenio ten por obxecto definir un marco xeral de colaboración estable entre ambas as dúas institucións para o desenvolvemento de accións de formación, investigación, comunicación, publicacións, asesoramento ou calquera outra de interese común.

8.10. CONVENIO COA FEDERACIÓN GALEGA DE DANO CEREBRAL (FEGADACE)

Convenio marco de colaboración asinado en 2012 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE).

Este convenio de colaboración entre as dúas entidades asinou co fin de promover accións conxuntas, coordinadas e beneficiosas para ambas institucións, que teñan por obxecto a sensibilización, a formación, a intervención social, a investigación e a organización de accións e eventos.

9. SERVICIO DE INTERVENCIÓN EN PSICOLOXÍA FORENSE

O principal fin do Servizo de Intervención en Psicoloxía Forense é o nomeamento de psicólogos e psicólogas peritos perante á Administración de Xustiza.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia conta cun listado de psicólogos e psicólogas, para responder ás demandas que se fagan á Institución de nomeamento de peritos para actuar ante os órganos xurisdiccionais e das Administracións Públicas. Este listado, de ámbito territorial provincial, organízase en tres áreas concretas de intervención:

Dereito Penal

Dereito Civil

Dereito Laboral, Social e outros ámbitos

En cumprimento do establecido na Lei, fíxose un envío a todos os xulgados de Galicia dos listados de psicólogos e psicólogas peritos dispostos a actuar nas diferentes áreas de intervención para a súa designación directa por parte dos xulgados.

Tamén se colaborou na edición da Guía de Peritos Xudiciais 2012, elaborada pola Unión Profesional de Galicia.

10.

**BECA SIOTA DE INVESTIGACIÓN
EN PSICOLOXÍA****VIII EDICIÓN DA BECA SIOTA****Composición do Comité Seleccionador:**

M^a Rosa Álvarez Prada

Decana do COPG

Concepción Fernández Fernández

Secretaria do COPG

Carlos Álvarez García

Rosa Cerqueiro Landín

Ana Jartín Abreira

José Manuel Oreiro Blanco

Gloria Seoane Pesqueira

Vogais

Por acordo da Xunta de Goberno do 21 de novembro de 2012 convocouse a VIII Edición da Beca Siota, quedando establecido para 2013 o fallo desta Edición.

11. EVENTOS COLEXIAIS

ACHEGAS DA PSICOLOXÍA 2012

O 12 de maio tivo lugar no Parador de Baiona (Pontevedra), un encontro dos colexiados e colexiadas do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, acto no que se fixo entrega do Premio “Dolores Llópiz: Psicoloxía e Sociedade 2012”, galardón creado para distinguir a persoa, institución ou asociación que teña colaborado co COPG contribuíndo ao desenvolvemento da nosa profesión.

En 2012 concedeuse o premio á Directora do programa *La Ventana* da Cadena Ser, Gemma Nierga Barris, polos espazos “Nikosia” e “La tertulia desde la cárcel”. Foi un recoñecemento desde a nosa profesión ao compromiso e á sensibilidade que desde *La Ventana* se leva demostrando durante anos cos colectivos que son motivo destes espazos radiofónicos. Un enorme labor de visualización e desestigmatización “cedendo semanalmente os micrófonos a “tolos” e a “presos”, fai que os muros que os separa da sociedade acaben sendo derribados ou polo menos máis permeables.

Neste acto homenaxeáronse os compañeiros e compañeiras da profesión que cumpriron 25 anos de colexiación e deuse a benvida a aqueles e aquelas que se incorporaron por primeira vez ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no ano 2011 facéndolles entrega dunha distinción colexial.



12.

**REPRESENTACIÓN COLEXIAL
NOS CONSELLOS****Consello Galego de Benestar Social***Titular:* Isabel M^a Varela Castiñeiras*Suplente:* M^a Leonor Galiana Caballero**Consello Provincial de Servizos Sociais da Coruña***Titular:* Encarnación Álvarez Gallego*Suplente:* M^a Ángeles Castro Díaz**Consello Provincial de Servizos Sociais de Lugo***Titular:* Isolina Rodríguez López*Suplente:* Julio González Morandeira**Consello Provincial de Servizos Sociais de Ourense***Titular:* José Antonio López Fontelo*Suplente:* Isabel Blanco Yáñez**Consello Provincial de Servizos Sociais de Pontevedra***Titular:* Felisa Balboa Cardoso*Suplente:* M^a Jesús Cejudo López**Consello Galego de Saúde***Titular:* Xavier Sardiña Agra*Suplente:* Delia Guitián Rodríguez**Consello Municipal de Servizos Sociais do Concello de Vigo***Titular:* Ana M^a Fieira Nogareda**Consello Municipal de Saúde do Concello de Vigo***Titular:* Irene Esperón Rodríguez**Consello Municipal de Saúde do Concello de Santiago de Compostela***Titular:* Concepción Rodríguez Pérez**Consello de Deporte de Galicia***Titular:* María Dolores González Fernández

13.

**EN REPRESENTACIÓN
DO COPG**

- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu ao acto Memoria SERGAS: 20 anos de camiño, celebrado en Santiago de Compostela o 6 de febreiro e organizado pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu ao acto de presentación da Guía de Peritos Xudiciais 2012, editada pola Unión Profesional de Galicia na que o COPG está integrado, que se celebrou en Santiago de Compostela o 28 de febreiro.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, mantivo na sede do COPG unha reunión coa Presidenta do Colexio de Educadores e Educadoras Sociais de Galicia. Nesta reunión, que tivo lugar o 20 de marzo, trataron sobre os recortes públicos que se están a levar no eido social e sobre posible medidas conxuntas a levar a cabo ao respecto.
- O Presidente da Sección de Psicoloxía Clínica do COPG, Xavier Sardiña Agra, asistiu o 21 de marzo á reunión do Consello Galego de Saúde da Xunta de Galicia.
- O Vicedecano do COPG, Hipólito Puente Carracedo, asistiu ás reunións do Pleno e da Asemblea Xeral Ordinaria da Unión Profesional de Galicia, celebradas o 22 de marzo en Santiago de Compostela.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, e o Vicedecano, Hipólito Puente Carracedo, mantiveron o 17 de abril na sede do COPG unha reunión con representantes da Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE). Dita reunión tivo como eixo central a presentación no COPG da Federación e a posibilidade de colaboracións entre ambas entidades.
- A Vicesecretaria do COPG, M^a Concepción Prado Álvarez, participou na Mesa Redonda “Estudos de Grao en Psicoloxía”, no marco das XIX Xornadas de Orientación Universitaria e Profesional, organizadas polo Concello da Coruña e celebradas na Coruña o 18 de abril.
- A Vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, asistiu á 6^a Edición do Fit to Drive International Traffic Expert Congress, celebrado os días 26 e 27 de abril en Barcelona e organizado pola entidade alemá Verband der TÜV.



XXV Symposium da Sociedade Española de Historia da Psicoloxía



- O COPG participou no XXV Symposium da Sociedade Española de Historia da Psicoloxía, celebrado en Santiago de Compostela do 10 ao 12 maio, no que presentou dúas comunicacións: *“Aportacións á historia recente da Psicoloxía en Galicia”*, presentado por Manuel Filgueira Lois e *“A historia da Psicoloxía, outra mirada”*, presentada por Felisa Balboa Cardoso. Asemade, a Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, moderou a Mesa Redonda que versou sobre *“Historia da Psicoloxía en Galicia”*.
- A Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero e Vogal da Xunta de Goberno do COPG, Concepción Rodríguez Pérez, asistiu o 22 de maio ao acto literario conmemorativo do Día das Letras Galegas organizado pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e celebrado en Santiago de Compostela.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, mantivo o 22 de maio na sede do COPG unha reunión con representantes da Asociación de Axuda a Nenos Oncolóxicos de Galicia (ASANOG) na que tamén estivo presente a Presidenta da Asociación de Psicólogos Clínicos do SERGAS, Rosa Cerqueiro Landín. A devandita reunión tivo como eixo central a demanda de atención psicolóxica a nenos e nenas e os seus pais e nais nas Unidades de Oncoloxía Pediátrica.
- O Vogal da Xunta de Goberno do COPG, Víctor Manuel Torrado Oubiña, asistiu o 25 de maio á presentación do monográfico sobre sanidade da revista *“Criterios de Res Pública”*, acto celebrado na Coruña e organizado pola Fundación Instituto de Estudos Políticos e Sociais (IEPS).
- O Vicepresidente da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, David Facal Mayo, asistiu o 14 de xuño á reunión de Grupo de Traballo para a elaboración dunha estratexia de prevención e detección precoz da dependencia en Galicia, convocada pola Secretaría Xeral de Política Social da Xunta de Galicia.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu á Asemblea Xeral Ordinaria, á Convocatoria Permanente e ao Pleno da Xunta Directiva de Unión Profesional de Galicia o 5 de xullo e celebrados no Centro Libredón en Santiago de Compostela.

- O Presidente da Sección de Psicoloxía Clínica do COPG, Xavier Sardiña Agra asistiu ao Consello Galego de Saúde o 2 de xullo celebrado na Escola Galega de Administración Sanitaria en Santiago de Compostela.
- A Presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, M^a Jesús López Cernadas, asistiu á reunión do Espazo Dialoga o 27 de xullo na sede do Colexio Oficial de Educadores e Educadoras de Galicia.
- A Vogal da Xunta de Goberno do COPG e Coordinadora do GIPCE, Ana Isabel Martínez Arranz, mantivo o 27 de agosto unha xuntanza con representantes da Cruz Vermella para tratar a solicitude que desde esta institución formularan ao GIPCE para a impartición de cursos de formación.
- M^a Jesús López Cernadas e Isabel M^a Varela Castiñeiras, Presidenta e Vogal da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, asistiron ás reunións do Espazo Dialoga, integrado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, o Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia e o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, celebradas o 14 de setembro e o 5 de outubro que tiveron lugar na sede do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia.
- O Vogal da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Clínica do COPG, Ignacio Dopico González, asistiu o 5 de outubro á Conferencia-Xornada “Aplicación dos Programas de Intervención en Terapia Asistida por Cans. Método Pellitero” organizado pola Asociación Ramalladas Terapia Asistida con Cans e celebrado en Vigo.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, mantivo o 9 de outubro na sede do COPG unha reunión con representantes da Cruz Vermella. A denvadita reunión tivo como eixo central a presentación das actividades realizadas pola citada entidade.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu ás xuntanzas da Comisión Permanente, do Pleno e da Asemblea Xeral Ordinaria da Unión Profesional de Galicia, que tiveron lugar en Santiago de Compostela o 27 de novembro e á xuntanza de traballo que tivo lugar en Santiago de Compostela o 19 de decembro.
- A Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, asistiu á 11^a Xornada de Reflexión Attitudes, celebrada en Madrid o 24 de outubro e organizada pola Iniciativa Social de Audi.
- A Decana, M^a Rosa Álvarez Prada, participou no acto inaugural da III Edición do Máster en Mediación, celebrado o 9 de novembro en Santiago de Compostela e organizado pola Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela.
- A Presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, M^a Jesús López Cernadas, asistiu á reunión do Espazo Dialoga o 23 de novembro na sede do Colexio Oficial de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia e á celebrada o 14 de decembro no Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia.



Acto inaugural da III Edición do Máster en Mediación da USC

14.

**RELACIÓNS E COLABORACIÓNS
INSTITUCIONAIS****PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA - SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE**

- O 30 de marzo levouse a cabo un ano máis a sinatura do Convenio de Colaboración para 2012 entre a Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a atención psicolóxica a mulleres que sufran violencia de xénero e, complementariamente a menores e outras persoas dependentes delas que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero, e atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar.

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS
PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA - DIRECCIÓN
XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR**

- O 12 de abril levouse a cabo a sinatura do Convenio de Colaboración para 2012 entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia en materia de protección civil.

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS
PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA - ACADEMIA
GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA (AGASP)**

- Representantes do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do COPG asistiron o 24 de abril a unha reunión con responsables da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) para xestionar a colaboración nas actividades formativas que se van facer con eles e para propor outras novas dirixidas a outros profesionais das emerxencias.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, acompañada de Xavier Sardiña Agra, Presidente da Sección de Psicoloxía Clínica do Colexio, mantiveron o 11 de xuño unha xuntanza coa Conselleira de Sanidade da Xunta de Galicia, Rocío Mosquera Álvarez. Na reunión trataron entre outros os seguintes temas: o seguimento do proceso de autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios consonte a Lei 5/2011 de Economía Social; a necesidade de que o COPG sexa incluído na

Comisión Autonómica de Formación Continuada dos profesionais sanitarios da Xunta de Galicia e a atención psicolóxica no SERGAS, como pode ser na Unidade de Hospitalización Psiquiátrica Infanto-xuvenil ou a Unidade de Atención Temperá do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago.

CONSELLERÍA DE SANIDADE - XERENCIA DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DA CORUÑA (CHUAC)

- O Presidente da Sección de Psicoloxía Clínica do COPG, Xavier Sardiña Agra, mantivo o 12 de xullo unha reunión co Xerente do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, Alfredo García Iglesias, para tratar o tema do labor dos psicólogos e psicólogas clínicas na área da Coruña.

CONSELLERÍA DE SANIDADE - DIRECCIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

- A Coordinadora da Comisión Coordinadora do GIPCE, Ana Isabel Martínez Arranz, xunto coa Vogal da citada Comisión, M^a Luz Losada Somoza, asistiron o 27 de xaneiro á reunión do Grupo Sanitario de Emerxencias Exteriores de Galicia, convocado pola Delegación Territorial de Pontevedra da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR - SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA SOCIAL

- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, xunto co Decano do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, Evaristo Nogueira Pol, mantiveron unha reunión o 12 de xaneiro coa Secretaría Xeral de Política Social da Xunta de Galicia, Coro Piñeiro Vázquez, para abordar as liñas do convenio de colaboración para desenvolver o programa de mediación intraxudicial.
- A Secretaria do COPG, Concepción Fernández Fernández, xunto con Juan Manuel Daponte Codina e José Antonio Varela Alonso, psicólogos dos equipos de mediación intraxudicial de Santiago de Compostela e Ourense respectivamente, asistiron o 27 de abril a unha xuntanza na Secretaría Xeral de Política Social da Xunta de Galicia para tratar sobre temas técnicos relacionados cos equipos de mediación intraxudicial.
- O 19 de setembro levouse a cabo a sinatura do Convenio de Colaboración para 2012 entre as Consellerías de Traballo e Benestar e Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, o Ministerio Fiscal, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, o Colexio Oficial de Avogados de Santiago e o Colexio de Vogados de Ourense para dar continuidade aos Programas de Mediación Intraxudicial en Santiago de Compostela e Ourense.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR - DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA E INCLUSIÓN SOCIAL

- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu o 18 de decembro a unha xuntanza coa Directora Xeral de Familia e Inclusión da Xunta de Galicia, M^a Amparo González Méndez, para abordar as liñas do convenio de colaboración que desenvolve os programas de mediación intraxudicial en Santiago de Compostela e Ourense para o ano 2013.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL (ISSGA)

- O Vogal da Xunta Directiva da Sección de PTO e Coordinador do Grupo de Traballo en Saúde e Benestar Ocupacional, Carlos Montes Piñeiro, mantivo o 3 de outubro unha reunión coa Directora do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), Adela Quinzá-Torroja García, e coa xefa do Centro do ISSGA en Lugo, Nieves Novo Lodeiro. Na xuntanza abordouse como tema central o establecemento de liñas de colaboración conxunta entre as dúas institucións en materia de Saúde Laboral.

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA - CONCELLARÍA DE MOBILIDADE, SEGURIDADE CIDADÁ E TRÁFICO

- A Coordinadora da Comisión de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, mantivo o 14 de xuño unha reunión co Concelleiro de Mobilidade, Seguridade Cidadá e Tráfico do Concello de Santiago de Compostela, Albino Vázquez Aldrey, na que trataron sobre posibles vías de colaboración en materia de seguridade viaria entre ambas institucións. A Vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, mantivo o 23 de xullo unha reunión co Concelleiro de Mobilidade, Seguridade Cidadá, Tráfico, Grúa e ORA do Concello de Santiago de Compostela, Albino Vázquez Aldrey, na que trataron sobre temas relacionados coa seguridade viaria escolar en Santiago de Compostela.



Arriba: Xuntanza coa Decana da Facultade de Psicoloxía da USC

Abaixo: Festividade do patrón da Psicoloxía

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA - FACULTADE DE PSICOLOXÍA

- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, xunto co Presidente da Sección de Psicoloxía Clínica do COPG, Xavier Sardiña Agra, mantiveron unha reunión o 10 de xaneiro coa Decana da Facultade de Psicoloxía da USC, Carolina Tinajero Vacas, na que trataron temas de interese para ambas institucións como o Máster Xeral en Psicoloxía Sanitaria ou o Prácticum.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, participou nos actos de conmemoración da Festividade do patrón da Psicoloxía celebrados o 24 de febreiro na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.



Conferencia de Decanos de Psicología das Universidades Españolas



1º Congreso Nacional da Ordem dos Psicólogos Portugueses

- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, acompañada do Presidente da Sección de Psicología Clínica, Xavier Sardiña Agra, da Presidenta da Sección de Psicología Educativa, Olegaria Mosqueda Bueno, da Presidenta da Sección de Psicología Xurídica, Carmen Morell Muñoz, da Presidenta da Sección de Psicología da Intervención Social, M^a Jesús López Cernadas e da Vogal da Sección de Psicología do Traballo e das Organizacións, M^a Concepción Prado Álvarez do COPG, impartiron unha charla de orientación, dirixida ao alumnado que remata os estudos de Psicología, co obxectivo de ofrecerlles unha visión xeral dos perfís profesionais da Psicología nos distintos ámbitos de traballo. O acto tivo lugar o 17 de abril na Facultade de Psicología da Universidade de Santiago de Compostela.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, foi convidada a participar na reunión da Conferencia de Decanos de Psicología das Universidades Españolas, celebrada en Santiago de Compostela os días 24 e 25 de maio.
- A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, xunto co Presidente da Sección de Psicología Clínica do Colexio, Xavier Sardiña Agra, mantiveron unha reunión o pasado 17 de xullo, con Carmen Senra Rivera e Socorro Rodríguez Holguín, ambas membros do Departamento de Psicología Clínica e Psicobiología da Universidade de Santiago de Compostela, coa fin de coñecer e facer suxestións desde o COPG ao borrador do máster en psicología da saúde da USC.

ORDEM DOS PSICÓLOGOS PORTUGUESES

- O COPG foi convidado pola Ordem dos Psicólogos Portugueses ao seu 1º Congreso Nacional, celebrado en Lisboa do 19 ao 21 de abril. Asistiron a Decana, M^a Rosa Álvarez Prada, e a Secretaria do COPG, Concepción Fernández Fernández. Neste marco mantiveron un encontro con representantes da Ordem coa fin de abrir novas vías de colaboración entre ambas institucións.

RECURSOS DE REPOSICIÓN

O COPG interpuxo os seguintes recursos:

- Contra a Resolución da Alcaldía do Concello de Malpica de Bergantiños (A Coruña), mediante a que se aproban as bases de selección para a contratación dun Técnico/a de Igualdade como persoal laboral do Concello. O motivo do citado recurso é instar ao Concello a modificar as bases que regulan a citada convocatoria para que se inclúa a Titulación da Licenciatura en Psicología ben como preferente sobre calquera outra ou ben con carácter exclusivo.
